



Misionando na propia casa. Dunha Igrexa de mantemento a unha Igrexa misioneira na nosa Terra

Manuel Regal Ledo

Na primeira parte do noso traballo faremos un repaso polos diferentes momentos misioneiros da historia da Igrexa, para situar con mellor perspectiva a realidade presente ao respecto. Esta realidade –verémolo na segunda parte– podémola caracterizar para Galicia e todo o mundo occidental como de «país de misión», cunha serie de características especiais que demandan tamén unha resposta especial. Na terceira parte describimos as notas que, ao noso ver, sería ben que tivesen unhas comunidades cristiás misioneras en Galicia.

1.- Momentos misioneiros na historia da Igrexa Católica

1.1. *A misión de Xesús*

Xesús entendeu-se a si mesmo e viviu coma un misioneiro do Reinado de Deus: «E desde aquela empezou Xesús a predicar, dicindo: Arrepentídevos, que o Reino dos Ceos xa está aí» (Mt 4, 17). «Xesús percorría todas as vilas e aldeas ensinando nas sinagogas, anunciando a Boa Nova do reino e curando toda enfermidade e doenza» (Mt 9, 35). Xesús mandou os doce en misión (cfr. Mt 10, 5a), misión que con Xesús e os doce tamén compartían diferentes mulleres (cfr. Lc 8, 1-3).

A característica deste primeiro anuncio podería ser a novidade, a ruptura co existente, ata o punto de suscitar o rexeitamento oficial (cfr. Mc 3, 6), e que o anunciado fose proposto como *Boa Nova*, como cousa que suscitaba alegrías en todo o mundo, pero sobre todo na xente máis débil relixiosa e socialmente (cfr. Lc 4, 14-30).

1.2. A misión das primeiras comunidades cristiás

Parece moi probable que as narracións que contan nos Evanxeos a actividade misioneira de Xesús cos seus discípulos estea en boa medida retratando máis ben a misión das mesmas primeiras comunidades cristiás, decididas a continuar coa tarefa misioneira que o mesmo Xesús principiara (cfr Mt 10, 1-11, 1). Claramente era unha misión itinerante e ousada. O mellor representante deste labor misioneiro e das características que o acompañaban, é o mesmo Paulo. Nos Feitos dos Apóstolos e en todas as súas cartas podemos ver formas e matices deste traballo de evangelización. O lugar emblemático desa itinerancia e ousadía podería ser o areópago de Atenas, onde Paulo anunciou o Deus de Xesús cunha pedagogía e cunha táctica nova para facer máis eficaz a súa tarefa.

1.3. A misión dos tres primeiros séculos do cristianismo

Os primeiros 300 anos de cristianismo foron anos de intensa actividade misioneira, baseada en dous feitos paradigmáticos: a presenza, a vida mesma das persoas e das comunidades cristiás como misión –sen deixar de lado a comunicación verbal: «a fe é suscitada pola predicación», dicía Paulo (Rm 11, 17a), e a persecución. Xustamente todo parece indicar que unha misión perseguida, unha misión testemuñada co sangue foi a que conseguiu tanto éxito no entorno da cidadanía do imperio. Algo a ter en conta, cando nós con tanta facilidade e frecuencia nos queixamos da agresividade que sofre a fe e quen a vive e propaga.

1.4. A misión dentro dun cristianismo recoñecido oficialmente

Desde que no ano 325 o emperador Constantino, buscando a paz relixiosa, consolida o cristianismo como relixión no Imperio romano, e cando no 380 o emperador Teodosio recoñece o cristianismo como relixión exclusiva do Imperio Romano oriental (non ser cristián sería causa de persecución e morte), a actividade misioneira perdeu todo o seu encanto e vigor anterior. O poder no que se apoiaba a Igrexa, xeraba adhesións de pouca densidade. Na práctica déuselle a volta en boa medida á praxe anterior recollida

con orgullo no tan citado dito de Tertuliano no c. XVIII do seu *Apologeticus*: «*Fiunt, non nascuntur Christiani*» (Os cristiáns non nacen, fanse), para dar por feito que si, que os cristiáns nacen, e non se fan a través dun desenvolvemento catequético e vital axeitado.

Nos séculos seguintes, con frecuencia a fe do pobo dependía da opción que tomasen determinados reis ou príncipes, ou da influencia de tal ou cal bispo ou grupo de bispos, que facían que as masas de trasladasen dunha crenza a outra, segundo as comenencias. Non se apagou con todo o labor misionero da Igrexa. Proba diso témola entre nós, por exemplo, no traballo evanxelizador de Martiño de Dumio nos medios rurais da Galicia do século VI, do que queda detallada constancia no seu libro *De correctione rusticorum* (Sobre a corrección da xente rústica, aldeá). Pero esa asimilación entre Igrexa e poder civil abriría un camiño que levou sen dúbida a grandes desenvolvementos relixiosos en todas as ordes da vida, pero que deixou ferido para sempre o proxecto comunitario cristián. Así que logo a característica desde longa etapa misionera que dalgunha maneira chega aos nosos mesmos días, podería ser a de desenvolverse ao amparo do poder civil, coa consecuencia que iso traía de adhesións á fe.

1.5. *A misión do novo mundo*

Co descubrimento das Américas empezou unha nova etapa misionera na Igrexa, chea de grandes carencias e de grandes acertos. A carencia maior, que infectou todo o traballo misionero, foi converter a misión nunha parte da conquista e, polo tanto, en algo imposto, que ao tempo que colaboraba na destrución do mundo material, cultural, daqueles pobos, impoñía tamén as novas crenzas moitas veces sen piedade, sen concesións. Os acertos tiveron que ver cos intentos e realizacións de determinados axentes relixiosos que intentaron subverter este esquema misionero e considerar aquela poboación como xentes con valores, con dignidade, con alma, merecentes de respecto e de procesos humanitarios. Bartolomé de las Casas pode ser o representante máis cualificado desta segunda liña, que non impediu que a misión americana fose

unha misión terriblemente imposta e mesmo sanguenta. O filme *La Misión*, de Roland Joffé, 1986, é ben representativo da ambigüidade e dramatismo deste momento misioneiro.

Paralelamente, a misión levada a cabo en países tamén descubertos nestes séculos, China, Xapón..., caracterizouse xustamente polo contrario, por ser unha misión perseguida, martirizada, que lembraba a dos primeiros séculos cristiáns. Disto deixou fidedigno testemuño a película de Scorsese, *Silencio*, que o ano pasado andou as nosas pantallas, feita a partir da novela do mesmo nome de Shusaku Endo.

1.6. *A misión africana*

A partir de aí a máis significativa experiencia misioneira da Igrexa deuse en África a partir do século XIX ata os nosos mesmos días. Nestes cases 200 anos de existencia, a misión africana viviu dúas etapas con características ben diferenciadas: unha, na que a misión case que formaba parte do poder colonizador e, en consecuencia, era mirada tamén como un axente desa mesma colonización e esquilmo, e outra, na que a misión soubo arredarse do feito colonizador e acompañou os pobos que renacían á súa independencia no complexo camiño desa autonomía. A misión africana fíxose fondamente servidora, implicada a fondo nos variados procesos de humanización ata o mesmo martirio moitas veces. Non fai falla insistir no que todo o mundo pode coñecer facilmente a través de tantos medios e persoas. A revista *Mundo Negro* é unha dignísima testemuña desta etapa misioneira.

1.7. *La France, pays de mission?*

Ese era o título do libro de H. Godin e J. Daniel que no 1943 puxo enriba da mesa e da conciencia relixiosa de Francia e dos países occidentais unha nova realidade: é preciso facer misión dentro dos mesmos países que ata daquela estaban considerados como países de tradición cristiá, católica, e que non precisaban senón de labores relixiosos de mantemento. A cousa viña de atrás naquel país; ante o feito de que enormes cantidades de xente, sobre todo

do mundo obreiro, estábanse arredando da Igrexa, a Igrexa francesa reacciona, xa no 1941, creando un seminario chamado *Mission de France*, na diocese de Lisieux, Normandía, da que era bispo o futuro cardeal Suhard. Tratábase de formar un clero especializado en labores de reevanxelización, que estarían ao servizo de calquera demanda ao respecto cun proxecto de misión que reunía estas catro características: secular (clero secular), comunitario, misioneiro, evanxelizador. Iso si, era unha opción claramente clerical, aínda que paralelamente tamén se promovese moito o lado laical a través da Acción Católica, que daría pé precisamente á XOC neste contexto. Tamén neste contexto nacería o movemento de curas obreiros, que cubriu un período ben intenso da dinámica misioneira da Igrexa en Francia, con influencia noutros países europeos. A característica propia desta etapa misioneira sería, logo, a de facer misión na propia casa, a de dar unha resposta, que se pensaba acertada, a un problema novo que irrompía na realidade eclesial¹.

1.8. As nosas misións populares

Como pequeno sinal desa vontade de facer misión na propia casa, poderíamos citar as misións populares, que entre nós se deron sobre todo nos anos previos ao concilio Vaticano II. Todos lembramos aquel modelo de misión, máis ben en contextos de nacionalcatolicismo, que mobilizaba masas, que impartía doutrina e suscitaba prácticas relixiosas que xa empezaban a estar algo en decadencia; no fondo aquelas actividades non eran realmente misioneras, aínda que tal nome levasen. Eran formas vellas, coas que se pretendía poñerlle couro ao desinche do relixioso que se percibía claramente no ánimo das xentes que, con moitas doses de rutina, aínda seguían cumprindo coa Igrexa e co que a Igrexa mandaba. Foron experiencias soltas, sen método coidado, sen continuidade, que algún ben farían sen dúbida, pero que non valeron para lle poñer freo ao que a partir deses anos irrompeu con forza nas nosas comunidades parroquiais: a irrelevancia e descré-

1 (DOMINIQUE LE TOURNEAU, adun.unav.edu/bitstream/1017/4891/1/DOMINIQUE%20LE%0TOUR.pdf) (consultado 29.9.17).

dito do relixioso, o desinterese, o abandono, a ausencia maioritaria da mocidade, etc., que alongarían os seus tentáculos ata os nosos mesmos días.

2.- Galicia, país de misión

2.1. *A preocupación misioneira na Igrexa nos últimos decenios*

A inqueda misioneira encheu moitas páxinas do Concilio Vaticano II, mesmo podemos dicir que todo o conxunto dese Concilio tiña por finalidade responder á demanda misioneira da Igrexa, cando esta se decatou do desprazamento de boa parte da sociedade, incluso da sociedade crente, respecto da mensaxe e valores que a Igrexa representaba naqueles tempos. A constitución dogmática *Lumen gentium*, a constitución pastoral *Gaudium et spes* e o decreto *Ad gentes* foron a mellor testemuña desta vontade misioneira.

Sen embargo, en boa medida a tarefa misioneira da Igrexa era pensada aínda daquela como dirixida especialmente cara a fóra do que estaba sendo a Igrexa: os chamados países de misión e os sectores dos países evanxelizados de vello que se desmarcaran claramente da Igrexa. Foi Paulo VI na exhortación apostólica *Evangelii nuntiandi*, 1975, quen empezou a relacionar máis directamente a misión cos países que ata daquela se consideraban misioneiros². No seu capítulo V fala dos destinatarios da evanxelización, e citaos por estar orde: os que están lonxe, o mundo descristianizado, as relixións non cristiás, as persoas crentes que ven a súa fe asediada desde fóra, o mundo dos ateos, a xente non practicante... O mundo descristianizado e os que non practican van tendo tanto peso na realidade social e eclesial, que empezan a representar o conxunto do país onde residen³.

2 Esta exhortación foi escrita recollendo o traballo da asemblea xeral do Sínodo dos bispos dedicado á Evanxelización, ao final do Ano Santo Xubilar de 1974.

3 No n.º 46 Paulo VI afirmaba: «Secularismo ateo e ausencia de práctica relixiosa atópanse na xente adulta e mais na nova, na elite e na masa, nas antigas e nas novas igrexas. A acción evanxelizadora da igrexa, que non pode ignorar estes dous mundos nin deterse diante deles, debe buscar constantemente os medios e a linguaxe axeitada para lles propoñer a re-

Vinte e oito anos máis tarde, en 2003, Xoán Paulo II escribe unha sonada exhortación apostólica, *Ecclesia in Europa*, como conclusión do Sínodo dos bispos dedicado ao mesmo asunto. O título amosa en si mesmo a preocupación que Europa no seu conxunto causaba entre os responsables eclesiásticos. No n.º 46 da exhortación fala claramente de que «en varias partes de Europa cómpre un primeiro anuncio do Evanxeo», e tamén que «Europa pasou a formar parte daqueles lugares tradicionalmente cristiáns nos que, ademais dunha nova evanxelización, imponse en certos casos unha primeira evanxelización [...] No «vello» continente existen tamén amplos sectores sociais e culturais nos que se necesita unha verdadeira e auténtica *misión ad gentes*». E, xa dunha forma máis xenérica, no n.º 47 non dubida en afirmar: «por un sitio e por outro é necesario un novo anuncio incluso aos xa bautizados». E neste mesmo número exprésase cun deixo de ansia amarga: «'Pero cando o Fillo do Home veña, atopará a fe sobre a terra?' (Lc 18, 8). Atoparaa nestas terras da nosa Europa de antiga tradición cristiá? É unha pregunta aberta que indica con lucidez a profundidade e o dramatismo dun dos retos máis serios que a nosas Igrexas deben afrontar».

Pensamos que a situación dramática que estes dous Papas retrataban nos seus respectivos momentos, non se subverteu. Ao contrario, posiblemente se seguiu espallando ata o punto de ameazar con seriedade a entidade da presenza crente nas nosas sociedades occidentais. De feito no ano 2012 o Sínodo dos Bispos dedícase de novo á «nova evanxelización para a transmisión da fe cristiá», e é o actual Papa Francisco o que nos ofrecerá ao remate do mesmo a Exhortación apostólica *Evangelii gaudium*, recollendo e desenvolvendo os traballos do Sínodo. As palabras que titulan a exhortación deixan ver un novo talante evanxelizador caracterizado pola ilusión de quen quere compartir algo que para el é unha verdadeira alegría vital⁴; pero o ton ledo, mesmo entusiasta, non agacha que «cóm-

relación de Deus e a fe en Xesús Cristo». Importante, este apunte sobre da busca de medios e linguaxe axeitada. Sobre diso falaremos algo neste artigo.

4 Sinxela, pero impresionante, a invitación a entrar no río da ledicia: «Por que non entrar tamén nós nese río de ledicia?» (n. 5)

pre pasar dunha pastoral de mera conservación a unha pastoral decididamente misioneira» (n. 15), e que esa pastoral misioneira deberá desenvolverse en tres ámbitos: persoas que máis ou menos regularmente frecuentan a comunidade, persoas bautizadas que non viven as esixencias do Bautismo, persoas que non coñecen a Cristo ou que sempre o rexeitaron (n. 14).

O Papa Francisco, aínda que non o diga expresamente, dá a entender que todo o mundo debe ser obxecto de misión, por máis que en cada lugar «cada cristián e cada comunidade discernirá cal é o camiño que o Señor lle pide, pero todos somos invitados a aceptar esta chamada: saír da propia comodidade e ousar chegar a todas as periferias que necesitan a luz do Evanxeo» (n. 20)⁵.

2.2. Galicia, país de misión?

É Galicia un país de misión? Pensamos claramente que si, aínda que, como é lóxico, esta condición de «país de misión» reúna entre nós unha serie de características que a fan moi particular. E a esta particularidade imos dedicar as páxinas que seguen en análise e propostas. Pero, antes de nada, botemos unha ollada á realidade eclesial galega no momento presente en canto que campo de misión. Cal é a realidade das nosas comunidades cristiás ben no rural, ben en vilas e cidades?⁶

Reparando en calquera das comunidades parroquiais do noso arredor, observamos o seguinte: da poboación que integra a parroquia, vila ou cidade, posiblemente non máis dun 2 % se poidan considerar homes e mulleres crentes comprometidas, por dicilo dun xeito rápido e simple: comprometido nos actos de culto e en diferente medida tamén no estilo de vida cristiá. Sobre un 10 % da poboación son persoas –moito máis mulleres ca homes– que

5 *Evangeliū gaudium* é unha verdadeira escola de misionoloxía, que nos pode axudar a desenvolver boas actitudes e prácticas misioneras. O estudo desta Exhortación será abordado por outras persoas neste mesmo número de *Encrucillada*. De todos modos, gustaríanos que o seu espírito acompañase toda a nosa reflexión.

6 Quen isto escribe móvese máis no ámbito rural, pero moi probablemente se poida extrapolar á cidade a visión que para nós ten como referencia máis directa o mundo da aldea.

cumpren coa súa condición cristiá asistindo con certa regularidade á Eucaristía dominical e participando con máis ou menos interese en actividades que emprenda a parroquia. O 68 % da xente da parroquia só moi ocasionalmente participa en actos de culto: funerais, primeiras comunións, santuarios; compoñentes deste grupo poden pasar anos enteiros sen pisar unha igrexa; practicamente están desligados da vida parroquial; figuran, pero nada máis. E o 20 % restante, nada de nada; incluso manteñen unha actitude despectiva, se non agresiva, contra o que significa a práctica da fe.

Se isto é así —e cremos que o é no fundamental—⁷, claramente estamos nun país de misión, pero cunhas características ben complexas que fan que esa misión posible se encontre cunhas dificultades especiais, que non se darían se nos encontrásemos cunha parroquia que empeza de cero. As dificultades cando menos son de dous tipos:

- A parroquia misioneira debe atender a un a tempo a catro campos de misión: a xente moi fiel, a xente máis ou menos fiel, a xente que figura nada máis, e a xente que non quere saber nada de nada. E débeos atender, falando do rural aínda tan amplo entre nós, tendo en contra o enorme espallamento e avellentamento da poboación. Canta humilde e sabia estratexia misional cómpre poñer en xogo para lle dar unha resposta evanxelizadora de forma inclusiva a esta realidade!
- O feito de que moitos dos homes e mulleres que entran nos obxectivos da misión participasen algo nalgún momento da vida parroquial pode, en ocasións, converterse nun elemento positivo (memoria de contactos, de persoas, de experiencias do pasado que deixaron bo recordo), pero en moitas outras pasa a ser un atranco máis ca unha facilidade: xente

7 A. BUENO GUINAMARD, no artigo titulado «*La secularización hoy: el océano y sus corrientes*», *Sal Terrae* (setembro 2017), 679-692, ofrece as seguintes cifras para describir o grao de participación eclesial dos crentes españois en xeral: o 60 % da xente que se considera católica case nunca asiste aos oficios relixiosos, e o 13 % asiste con regularidade á Misa os domingos. Enténdese que o resto, ese 27 %, estaría totalmente á marxe dos servizos e responsabilidades parroquiais.

que está de volta, escéptica, para a que o posible primeiro anuncio, o primeiro achegamento ao Evanxeo perdeu o factor sorpresa, o factor encanto, o factor novidade («Boa Nova»); nada lles soa a novo, todo queda asociado coas propostas rutineiras de sempre, ás que se contesta tamén coa rutina de sempre, que se podería resumir co dito frecuente: « cousas dos curas ».

Por iso, se recordamos as características das sucesivas etapas misionais da Igrexa durante a súa historia multiseccular, podemos preguntarnos cales serían as características desta etapa misioneira que estamos chamados a vivir na actualidade nos países occidentais que tanto foron afrouxando na súa fe, Galicia entre eles. Tendo en conta a postura vital respecto á fe de moitas das persoas obxecto de misión, habería que falar algo así como de desencanto e desinterese, de insignificancia; e, se tivéssemos que falar da situación dos posibles axentes desta misión, teríamos que falar dunha Igrexa escasa en recursos humanos, vella en anos e, posiblemente, débil en fe e en esperanza. Quédanos dicir con San Paulo: «Daquela presumirei con gusto das miñas debilidades, para que así resida sobre min a forza de Cristo. E por iso gozo nas fraquezas, nas afrontas, nas necesidades, persecucións e angustias que sufro por Cristo; porque, cando estou débil, entón é cando son poderoso» (2Cor 12, 9b-10). E quédanos tamén pensar que non estamos senón ante unha singular oportunidade de facernos crentes e de construír comunidades cristiás non desde a interna presión do medo, nin desde a externa presión sociolóxica, que tanto condicionaron antigos procesos de adhesión eclesial. Sen querelo nin buscalo, case máis ben teméndoos, as circunstancias históricas sitúannos nunha época en parte similar á daquelas comunidades cristiás do séculos primeiros que, no medio de situacións ambientais tan adversas, houberon de afrontar a súa existencia, contaxio e expansión⁸.

8 R. AGUIRRE (ed.) séguenos ofertando abondosa información sobre a vida das primeiras comunidades cristiás, agora co libro *Así vivían los primeros cristianos*, Verbo Divino, Navarra, 2017.

3.- Por unha Igrexa en misión

Véñse dicindo desde xa hai tempo que a Igrexa debe pasar dunha Igrexa de mantemento, que coida máis ou menos os que ten na casa, a unha Igrexa en misión, que sae fóra coa palabra e sobre todo coa vida para ofrecer ás mulleres e homes do seu tempo aquilo que recibiu gratis, como don, o Evanxeo de Xesús, e que gratis tamén, e como don, entende que debe compartir (cfr. Mt 10, 8). Sen embargo, parécenos que ese cambio, anunciado no desexo das palabras, non se corresponde logo cunha modificación dos hábitos de vida e de práctica cristiá das comunidades que facemos a Igrexa. Non se poden conseguir cousas distintas facendo o mesmo, ou incluso volvendo cara atrás e recuperando formas, prácticas, mensaxes que respondían a momentos históricos definitivamente pasados⁹.

E cales serían, logo, as características dunha Igrexa en misión nestes tempos nos que nos toca vivir? Aventurámonos a facer algunhas propostas, dando por feita a súa parcialidade, co desexo de que este debate colla corpo nas nosas comunidades e se vaia traducindo en intentos reais, ben pensados e traballados, que nos irán aprendendo o que é axeitado e o que non; todo menos quedarnos de brazos cruzados agardando apagar a luz e pechar a porta, ou algún milagre que substitúa o que nós non ousamos emprender¹⁰.

3.1. *Entender o lugar da comunidade cristiá*

Habitualmente, nunha Igrexa de mantemento a comunidade cristiá enténdese ollando para si mesma basicamente. A comunidade cristiá ofrece uns servizos relixiosos dos que se benefician as persoas que a ela acoden. Algo así coma un dispensario médico. O lugar de Deus, da comunidade e das persoas responsables da

9 O bispo de Mondoñedo-Ferrol, Luís Anxo, insiste repetidamente nesta proposta, citando a frase atribuída a Albert Einstein, que di textualmente: «Se buscas resultados distintos, non fagas sempre o mesmo». *Dumio*, (26 outubro 2017), 2.

10 M. REGAL LEDO, «O traballo do Evanxeo no mundo rural», *Encrucillada* 199, (2016), 19-43, onde se fan propostas que cadran perfectamente co que aquí estamos tratando.

comunidade é o templo e todo o que o rodea. Normalmente isto complementábase cunha serie de servizos cara a fóra, maiormente na liña da caridade e da formación a diferentes niveis. Pero o centro da comunidade teno o templo, o culto, alí é onde podemos atoparnos con Deus, gustar del e habilitarnos para logo saír ao mundo. Este esquema, que mesmo podería parecer ben lóxico, vólvese inútil cando comprobamos que a xente non acode ao templo, incluso ás veces aquela que nos acompaña en certas accións humanizadoras. As razóns que ten para facelo poden ser moitas, máis ou menos lóxicas, pero igual non debiamos desbotar de entre esas razóns o feito de que, a forza de centrarnos no templo como lugar de Deus e evitar a complexidade humana como espazo da súa presenza, créese unha falla de sintonía entre a relixión e a vida, entre os intereses da xente normal e os que promovemos as comunidades cristiás. E nestes casos tendemos sempre a facernos as vítimas e culpar aos de fóra.

Audazmente o Papa Francisco falounos desde o primeiro momento do seu papado da necesidade de transformar eses dispensarios médicos nos que converteramos as nosas comunidades cristiás (isto sería o que el chama a «autorreferencialidade») en hospitais de campaña, alertándonos da urxencia de facer un desprazamento necesario: o lugar da comunidade cristiá é o espazo civil, o lugar do templo é o fragor da vida, o lugar da experiencia de Deus é o mundo. E sempre cunha especial preferencia para os espazos onde a xente máis pobre vive, sofre, espera ou se desespera. Pensamos que unha Igrexa en misión debería ir facendo este desprazamento. Que foi, por certo, o que o noso Señor realizou cando, despois dun tempo de «noviciado» con Xoán o Bautista, aínda admirando a austeridade deste home, a súa palabra acesa, a súa forte vinculación con Deus, a súa crítica aceda ás formas relixiosas decadentes do momento, dicide irse de onda el, porque o de Xoán, dentro do moito bo que o rodeaba, era estar á espera de que a xente viñese. Xesús volve para a súa Galilea e bótase a andar camiños, aldeas, vilas e cidades, convertendo o seu grupo nunha primixenia experiencia de hospital de campaña. E ese era para el o lugar de Deus.

Bo labor, o de dedicarnos a debullar todo o que pode supoñer facer este cambio no conxunto da comunidade cristiá, clero, leigos, leigas, sistemas de formación duns e doutros, receptividade do que acontece na vida, etc.

3.2. *Aproveitar recursos*

Somos unha Igrexa escasa en recursos humanos, escasa en clero, que ademais ten unha media de idade ben elevada; iso significa tamén que a escaseza se estende aos diferentes recursos que os medios humanos han de mobilizar, e iso redonda en último termo na eficacia da acción misioneira. Aproveitar e racionalizar recursos é unha lei básica de misión. E volvemos apuntar a un soño que ben mirado pensamos que debería entrar dentro do máis normal do mundo se non estivésemos mediatizados por certas rutinas, por certos particularismos minifundistas que o tempo e as circunstancias van facendo cada vez máis anacrónicos.

Ten sentido ter cinco seminarios maiores en Galicia para atender a un grupo de seminaristas maiores que no seu conxunto non sabemos se chegarán aos cen alumnos? Ten sentido multiplicar por cinco o cadro de profesorado que necesariamente estará dando clases a grupíños de dous, tres, catro alumnos en máis dun caso? Podémos imaxinar a forza, o «empoderamento» como se adoita dicir, que supoñería ter un centro de estudos eclesiásticos único e potente, onde se compartisen as particularidades de cada recanto do país e as iniciativas misioneras que nun lado e noutro se levan a cabo, onde se afondase nas condicións do espazo humano a misioñar (antropoloxía, socioloxía, cultura, lingua, economía, etc.) e nas ofertas de evanxelización que respondesen ao momento que estamos vivindo? A inmersión cultural sempre foi unha esixencia fundamental de calquera proxecto de misión e, en culturas con tanta forza da tradición en cousas, pero noutras tan cambiante como o é a nosa, esa inmersión non hai que dala por suposta, nin moito menos.

Temos un exemplo ben evidente das bondades do funcionamento interdiocesano co equipo de catequese de Galicia, que tan bos resultados estivo dando ata o presente. E parece que algunha outra

Delegación pastoral, como a do laicado ou a de pastoral penitenciaria, está avanzando por un camiño semellante. Pero que é o que nos impide facer normal o que parece tan lóxico? En cada caso haberá as súas razóns e temores, pero non haberá moito de proteccionismo sobre os meus, non sexa que outros nos estraguen, ou algo daquilo de Paulo: «Refírome a que cada un de vós anda a dicir: eu son de Paulo, eu de Apolo, eu de Cefas, eu de Cristo» (1Cor 1, 12)? Ante a urxencia misioneira que nos vén enriba, non seremos capaces dun proxecto común de Igrexa desde a madurez, desde a centralidade no Evanxeo de Xesús, aproveitando ao máximo os recursos, cumprindo co evanxélico de ser sinxelos coma pombas, pero tamén astutos coma serpes (cfr. Mt 19, 16b), ou de ser sagaces coma o administrador inxusto loado na parábola (cfr. Lc 16, 8)? Non hai xa aquí un primeiro campo de conversión para a misión por parte de todos nós?

3.3. Cambiar de perspectivas comunitarias

Non estamos sendo unha igrexa de masas. Aínda que as nosas cidades, vilas e aldeas estean ben cubertas pola presenza de igrexas, nin hai moitos curas que as atendan, nin hai apenas ministerios laicais que as sirvan, nin hai moitos homes e mulleres que as ocupen para as diferentes celebracións. E podemos vivir na morriña polos vellos tempos de plenitudes, pensando que aquilo si que era Igrexa e non esta zarapallada que agora nos toca vivir. A realidade é que somos unha Igrexa en minoría e as perspectivas anuncian que cada vez o seremos máis, pois a xente nova que hoxe non quere saber nada connosco, non vai ser o día de mañá esa xente maior que nutra as nosas comunidades. Pero é malo ser minoría? Sen renunciar ao crecemento pola misión, é malo ser minoría? Non é acaso o lugar máis lóxico, máis natural, máis evanxélico, dado o contexto no que vivimos e dadas as propostas que ofrecemos, se as ofrecemos de acordo co Evanxeo de Xesús? Por moito que os Feitos dos Apóstolos falen de miles de adhesións en bloque (cfr. Feit 4, 4), os mesmos Evanxeos gustan de describirnos como pequerrecho gran de mostaza (Mt 13, 32), como fermento que fai levedar a masa (Mt 13, 33), como simple sal que

salga ou simple luz que aluma (cfr. Mt 5, 13-16), en definitiva como «rabaño pequeno» (cfr. Lc 12, 32).

Non por rendición, senón pola verdade das cousas, pola nosa mesma identidade evanxélica, por «dereito evanxélico»¹¹, é necesario evitar entrar na angustia polo feito de sermos poucas, de sermos minoría dentro da propia casa, dentro dun medio tradicionalmente católico, pero que pouco a pouco se está comportando como vaidade que se desincha. Nalgúns tempos recentes a isto chamábanlle «minorías abrahámicas». O teólogo J. Ratzinger, futuro papa Bieito XVI, nunha páxina verdadeiramente profética, fala de «comunidade voluntaria», «comunidade pequena», «Igrexa interiorizada», empobrecida, transformada «nunha Igrexa dos pequenos», «o proceso será enormemente difícil», «isto necesitará tempo», pero «despois da proba destas esgazaduras xermolará unha gran forza dunha Igrexa interiorizada e simplificada», «a Igrexa da fe»¹².

3.4. *Comunidade crente que dá razón da súa fe*

Que a comunidade cristiá sexa «comunidade pequena» ou «Igrexa dos pequenos», non quere dicir, nin moito menos, que sexa unha comunidade débil, fráxil, sen consistencia, insignificante, sen capacidade de vivir e de transmitir algo realmente potente para a sociedade que a rodea. Posiblemente, todo o contrario. Porque a súa pequenez numérica, o seu rexeitamento de calquera tipo de prepotencia mundana (esa mundanidade espiritual á que o Papa Francisco repetidamente se refire), o seu baleiro de poder vaina capacitar precisamente para ser unha comunidade de fe, totalmente volta cara a Deus como única referencia fundamental,

11 Isto afirmaba Paulo VI no discurso de apertura da segunda sesión do Concilio Vaticano II, 29 de setembro do 1963: «A Igrexa [...] mira a toda a humanidade que sofre e chora; esta pertécelle por dereito evanxélico». A este mesmo dereito podemos apelar para vivir orgullosamente como «comunidades pequenas».

12 Volvemos citar con gusto estas palabras entresacadas dun texto de J. RATZINGER do seu libro *Fe y futuro*, Sígueme, Salamanca, 1973, 76-77, texto que transcribimos integramente nas páxinas 24-25 do meu artigo citado na nota 10, porque nos parecen verdadeiramente anunciadoras dun proceso que, polo menos nos países occidentais, 44 anos despois, estamos palpando de forma evidente. Invitamos de novo á súa lectura completa.

como único alicerce, como única matriz do seu ser e do seu diario actuar. Unha comunidade que chamará a atención pola sinxeleza e contundencia da súa aposta crente e da súa capacidade servidora. Isto pode parecer un simple soño sen fundamento, pero non o será se reparamos que esta preferencia polo menor, este sentirse no pequeno como en terreo totalmente propio é algo típico do actuar de Deus, e do actuar da xente que máis a el se ten apegado (cfr. Lc 1, 46-55). As cousas certamente non van ser así á forza, pero cando menos hai serias razóns para pensar que poidan ser así, a pouco que nos movamos con espírito evanxélico nesa situación próxima.

Os membros dunha comunidade que así cre, así deben estar «dispostos a responder a todo aquel que vos pida razón da esperanza que levades dentro» (1Pe 3, 15b). E isto abre unha tarefa misioneira de primeira orde. Iso de dar razón da esperanza que levamos dentro facémolo basicamente cos nosos comportamentos. En múltiples ocasións Xesús medía a calidade da fe nun Deus Pai/Nai, polo espazo que o sentimento e a práctica da fraternidade ocupaba nos nosos corazóns, nas nosas vidas, ata chegar a unha simplicidade e a unha radicalidade sen medida (cfr. Mt 25, 31-46). Pero, afirmado isto e nunca esquecido, tamén é certo que esa «comunidade pequena» deberá habilitarse para dar razón razoada da súa esperanza, é dicir, falar da fe que a move con palabras, conceptos, «mundos» que poidan dicir algo á xente do noso tempo.

A nosa linguaxe relixiosa «fundante» (Biblia, Misal, Credo, oracional) e a que empregamos para a súa explicación, en boa medida responde a un mundo pasado, que xa non lle di nada a boa parte dos nosos contemporáneos. É unha linguaxe premoderna, que se move en formatos «heterónomos», nos que Deus e todo o de Deus é algo de fóra que irrompe nos individuos, na historia, dunha forma como máxica, milagreira, ou ben por propia iniciativa ou ben forzado polas nosas pregarías. E o mundo moderno funciona en clave «autónoma», allea a incursións raras do divino no noso mundo. Non quere isto dicir que a situación de aparente confrontación irreversible non teña saída, pero esta, a nivel de linguaxe e de vivencias, hai que a ir construíndo. Sería o que se chama a «teono-

mía», que fala dunha presenza de Deus, que non irrompe, senón que hai que descubri-la, decatarnos de que a temos aí, porque está dentro de toda a creación e desde dentro nos acompaña en todo momento¹³.

Pode parecer esta unha cuestión teórica que non afecta á posibilidade de facernos entender polo home e a muller moderna, pero pensamos que non o é. Polo que dixemos máis arriba, unha parte importante da poboación que ás veces acode ás nosas celebracións, é xente que vive e se move totalmente nese mundo autónomo, para a que os nosos relatos, os nosos formularios, incluso con frecuencia os nosos comentarios e aplicacións dos mesmos sóanlles á pura maxia, a puro mito, a puro conto¹⁴. Todo o que lles chegue por esta canle déixaos indiferentes (outra cousa é que queden indiferentes ante o testemuño vital das persoas crentes). É certo que moita da xente que acode con certa regularidade ás nosas celebracións, está tan afeita a ese discurso eclesial, que o escoita e acepta, e ora se esquece del nada máis saír da igrexa, ora incluso lle vale para montar sobre diso unha experiencia relixiosa saudable. Pero iso non quita que esteamos ofertando a fe nunha envoltura que cada vez ten menos oportunidades no medio no que vivimos. Máis dunha vez lle temos oído dicir á xente nova, e non tan nova, que todo iso que «contamos», forma parte dun mundo vello, que acabará pasando á historia como teñen pasado outros ritos e prácticas dos nosos maiores, que se contan como cousa doutros tempos.

É este un tema moi delicado. É doado tirar por terra o vello, pero sen construír unha linguaxe e unha práctica alternativa, sinxela, popular e culta a un tempo. É doado tamén persistir no de sempre

13 Este é un tema que se está abordando a nivel de teoloxía, pero con desconfianza extrema nalgúns casos, con moita cautela noutros e con exceso de ruptura en ocasións. Unha obra interesante para entender por onde van os tiros a este respecto, pode ser a de R. LE-NAERS, *Otro cristianismo es posible. Fe en lenguaje de modernidad*, Abya Yala, Santiago de Chile, 2008.

14 Non hai moito, iso foi o que me expresou un profesor universitario que asistira a un funeral no que o sacerdote oficiante afirmaba con contundencia «bíblica» que o ser humano fora creado inmortal por Deus, pero que o pecado viñera estragar tan preciosa creación. Para o profesor iso era negar o evolucionismo e apostar polo creacionismo. E tiña razón.

preguiceiramente e acusar de infidelidades a quen intenta reconstruír a andamiaxe da fe, que non a propia fe. Pensamos que este é un dos grandes retos do momento eclesial presente. E para responder a este reto, na teoría e na praxe, que ben viría ese centro teolóxico centralizado, e que ben poden vir esas pequenas comunidades que vaian concentrando os restos de pobo de Deus nesta hora!¹⁵

3.5. *Comunidade inclusiva e catecumenal*

En boa medida, a práctica relixiosa das nosas comunidades céntrase na asistencia a determinados actos de culto, aínda que de aí se derive unha vida con comportamentos crentes en todas as áreas da existencia. Cando estes actos de culto son máis abundantes en número, dentro dos asistentes temos unha variedade enorme de sensibilidades respecto á fe. Nun funeral, nunha voda, nun bautizo, nunha romaría mestúranse persoas totalmente arredadas da Igrexa con outras que de cando en vez asisten ás celebracións, e con outras que máis habitualmente o fan. Posiblemente esta realidade se modifique moito en pouco tempo, na medida en que as persoas máis vellas vaian morrendo. Pero hoxe é así e así a debería considerar quen se responsabilice de organizar eses actos de culto, sabendo que, ben desenvoltos, poden, se cadra, reavivar a lapiña da fe, do aprecio pola fe, e, mal desenvoltos, poden confirmar o rexeitamento da fe que moitas das persoas asistentes levan no seu corazón.

Dicimos con isto que estes momentos son momentos especialmente misioneiros, e polo tanto do principio á fin a palabra, os xestos, os símbolos, o trato, todo debe quedar envolto neste sentido misioneiro, e non por pura afectación, senón desde a máis humilde naturalidade evanxélica. A isto nos referimos cando falamos de inclusión. Unha monición de entrada pode excluír ou incluír

15 O teólogo galego Andrés Torres Queiruga vén dedicando moito do seu traballo a esta reconstrución da linguaxe relixiosa, intentando facela significativa para o mundo moderno. Non sempre o seu traballo é valorado, nin sequera respectado entre nós. Como un enunciado xeral do asunto, véxase o seu recente artigo «A linguaxe relixiosa: desmitoloxización e cambio cultural», *Encrucillada* 198 (2016), 5-16.

sentimentos, dispoñibilidades; pode favorecer que unha persoa, aínda non tendo fe, ou téndoa no aire, se poida sentir invitado a celebrar algo con fondura e verdade. Por iso mesmo non todas as lecturas poderían valernos para este fin, por moito que si entren no listado oficial. Para moitas persoas quizais poidan ser lecturas que dean pé a un primeiro anuncio, de aí que deberían falar, na forma e no fondo, do fundamental da experiencia relixiosa que vive a comunidade. Igualmente unha homilía, unhas preces, uns cantos, uns agradecementos poden envolvernos a todos en climas de celebración, respectando as posibles diferenzas, ou, ignorándoas, facer que moitos asistentes acaben pensando: pero que fago eu aquí? Por suposto que o último que debería facerse é aproveitar a ocasión para botar a reprimenda e descargar a frustración ou desencanto que un poida estar vivindo porque o que trae entre mans non está encantando a case ninguén¹⁶.

Está claro que esta actitude inclusiva debe sobrevoar ata o extremo por todas as actividades que desde a comunidade cristiá se desenvolvan: actividades de servizo, de caridade, de lecer, de festa, etc. Se en algo se debería distinguir unha comunidade cristiá, debería ser en ter as portas sempre abertas, as mans estendidas, o corazón dispoñible. Cousa non doada nos mil detalles que se poden dar nunha comunidade parroquial da que en principio todo o mundo da parroquia forma parte, pero da que se fai responsable soamente unha pequena parte.

E unha comunidade inclusiva deberá ser ao mesmo tempo unha comunidade catecumenal, unha comunidade disposta a facer un proceso de formación-experimentación do feito relixioso na súa vida. Isto será imprescindible se queremos que as nosas comunidades persistan en tempos de nulo apoio social. Non o facer suporá ir reducindo o relixioso a catro pequenos momentos ciscados por aquí e por alá, sen apenas transcendencia para a vida dunha persoa: poñer unha vela a un santo, ir a tal romaría, bendicir o coche...

16 Véxase a este respecto o moi suxestivo artigo de P. GUERRERO, «Homilias para alejados. Un Dios que se sienta a la mesa con los no creyentes», *Sal Terrae* 104 (2016), 337-351.

E como desenvolver esta formación catecumenal da comunidade cristiá? Non é doado, certamente, temos moitas cousas en contra, fixémonos persoas cristiás daquela maneira e quen nos mete na cabeza e no corazón agora de que é importante experimentar outros procesos? Cómpre convencemento en quen lidere as comunidades, cómpre paixón, cómpre capacidade de contaxio, cómpre humildade para ir dando pasos planificados na boa dirección, que non é senón á da maduración e a da corresponsabilidade, cousas por outra banda moi esixidas noutras áreas da vida civil.

Ofertamos un posible proceso, máis que nada por se pode servir de punto de partida dun debate teórico e práctico na busca de alternativas que garantan a viabilidade dunhas comunidades cristiás parroquiais ou interparroquiais en tempos próximos que se adiviñan rompedores. Nos medios rurais (moitas das nosas vilas son espazo rural) hai que partir claramente de propostas interparroquiais. Hai que espallar e contaxiar a conciencia de que estamos nunha situación de derrubo e creación a un tempo: se algo cae, algo se pode construír no seu canto. Hai que ofertar alternativas. A que se anuncia ata o de agora, consiste en facerlle entender á xente que as pequenas igrexas parroquiais van ir pechando as portas, quitado para unha festa, un enterro ou algo así, e en orientala a que pense en acudir para a práctica relixiosa ao centro pastoral que terá a súa sede en tal ou cal vila. Pensamos que isto non aborda o problema de fondo: as aldeas quedan na práctica abandonadas e trasládase á vila o problema da fragilidade na pertenza á comunidade cristiá.

Non é acaso posible, aínda que sexa difícil, pensar en crear algún grupo a nivel parroquial, interparroquial, ou mesmo de arciprestado ou Unidade Pastoral, co que se bote a andar unha nova maneira de vida e pertenza dentro da comunidade cristiá? Convocar, presentar a situación, razoala, axudar a que o grupo tome conciencia da súa debilidade e do seu poder, dispoñerse a facer un camiño, presentar un método de traballo, botarse a andar xa. Un grupo aquí, outro acolá, onde a cousa sexa posible, que vaia servindo de referencia, que vaia abrindo camiño, que vaia derrubando derrotismos. Existen diferentes métodos xa en funcionamento.

Son coñecidos os «Grupos de Xesús», promovidos por J. A. Pagola, para os que el mesmo ten elaborado bos materiais¹⁷. Existe o Movemento Rural Cristián, rama especializada de Acción Católica, que dispón de bos materiais de iniciación e de formación de grupos no rural¹⁸. E desde o movemento «Cremos no Rural», de recente creación en Galicia, ofrécese tamén material de iniciación e de formación permanente para grupos rurais que queiran vivir na aldea como cristiáns¹⁹.

Entendemos que é moi importante ver ben que método se vai empregar. Non se trata das típicas sesións de formación sobre diferentes áreas, aínda que non se desboten en ocasións. Non se trata dun proceso teórico por un posible recorrido catequético. Trátase de algo máis, algo máis totalizador. Trátase de posibilitar a experiencia de formar e vivir en comunidade cristiá²⁰, sabéndose humilde alternativa posible para a situación nova que se está dando. Este sería o cálido espazo central no que os membros da comunidade nos situaríamos, aí se traballarían os dons e capacidades de cada quen, desde aí se partiría para desenvolver as diferentes tarefas que cada quen vaia asumindo cara a dentro da propia comunidade e sobre todo cara a fora da comunidade, como corresponde a un laicado adulto, comprometido na sociedade civil²¹; e á comunidade volveríamos periodicamente para compartir tarefas, formación,

17 J. A. PAGOLA, *Grupos de Xesús*, PPC, Madrid, 2014.

18 Boa información ao respecto en <http://ruralescristianos.org>.

19 Pódese solicitar información nos seguintes correos: pilarwirtzm@yahoo.com; gcferrero42@gmail.com; manuelregalado@gmail.com.

20 Véxase a construtiva achega de L. GONZÁLEZ-CARVAJAL SANTABÁRBARA, «*Salió un sembrador a sembrar... Reflexión pastoral sobre la transmisión de la fe*», *Sal Terrae* 105 (2017), 693-708, onde sinala estes seis campos do proceso catecumenal: iniciar na experiencia de Deus, integración efectiva na vida da comunidade, dar a coñecer o Credo, promover a «escatopraxis», exorcizar o medo a ser «distintos», anunciar e facer presente o Reinado de Deus.

21 Para acertar no rol do laicado dentro dunha comunidade cristiá, evitando reincidir nun novo clericalismo, é ben orientadora a carta do Papa Francisco ao Cardeal Ouellet, 19 de marzo do 2016, despois da clausura do encontro da Comisión para América Latina e o Caribe, onde se falara da participación pública do laicado na vida dos nosos pobos. WWW.iglesiaticatolica.org.uy/departamento-de-laicos/files/2017/10/Carta-Francisco-a-Ouellet.-Laico-en-la-vida-publica.pdf (Consulta 30.12.2017)

gozos, fracasos, para manter a fe, o amor e a esperanza, e para así irnos fortalecendo nos camiños da fe e nos camiños da vida, ambas as dúas cousas ben xuntiñas sempre.

Para acabar, estamos nun momento de graza, ante unha grande oportunidade para a que o Espírito conta connosco. A tarefa é complexa, difícil: pasar dunhas comunidades clericais nas que o cura está no centro e a comunidade de colaboradores/as xira ao redor del, pendente del sempre e en todo, a unhas comunidades sinodais, nas que o cura, aínda tendo un rol ben particular, fai coro e comunidade con todos e todas, cada quen co seu servizo, coa súa tarefa na comunidade, formando parte dun proxecto común no que todo o mundo é importante e ninguén imprescindible, agás o Espírito que ten sempre comprometida a súa presenza. De non ser así, dificilmente resistiremos o envite dun mundo secular que é como é por responsabilidade de todos, tamén da mesma Igrexa.

Manuel Regal Ledo
Candia, Abadín, Lugo